



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Expediente: Contratación 31/2018.

Procedemento: Contrato obras por procedemento aberto supersimplificado

Asunto: “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín do Porto”

Plan: Subvencións de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para creación ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións ou equipamentos, ao abeiro da Orde do 4 de decembro de , DOG nº 5, de 8 de xaneiro de 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción.

Redáctase a presente memoria para dar cumprimento ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 201/23/EU e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto a Orde do 4 de decembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, publicada no DOG nº 5, de data 8 de xaneiro de 2018.

Visto a memoria valorada da obra “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín de Porto”, redactada en xaneiro de 2018 polo arquitecto D. Francisco Javier Cernadas Veiga, colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de ive, o que importa un total de 39.900,00 euros.

Visto o Informe da arquitecta técnica municipal, de 1 de febreiro de 2018, no que se subscribe que a memoria cumpre coa normativa en vigor, así como que os terreos nos que se executarán as obras proxectadas son de titularidade municipal.

Visto a Resolución da Alcaldía 65/2018, de data 2 de febreiro de 2018, pola que se acorda aprobar a memoria técnica valorada “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín de Porto”, redactada en xaneiro de 2018 polo arquitecto D. Francisco Javier Cernadas Veiga, colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de ive, o que importa un total de 39.900,00 euros, así como solicitar subvención para a execución das actuacións descritas, por importe de 31.920,00 euros, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aceptando tódalas condicións establecidas na Orde do 4 de decembro de 2017.

Visto o proxecto técnico “Acondicionamento e Mellora do polideportivo de San Martín do Porto”, redactado polo Arquitecto Francisco Javier Cernadas Veiga, colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de ive, o que importa un total de 39.900,00 euros.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Visto a notificación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada no Concello de Cabanas nº 1518, de data 25 de xuño de 2018, na que se concede ao Concello de Cabanas unha subvención por importe de 23.940,00 euros, co compromiso da execución completa do proxectado. O prazo para a execución e xustificación das obras efectuadas rematará o 30 de setembro de 2018.

2. Descrición da situación actual e obxecto do contrato.

De conformidade co artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 80.2.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Concello exerce competencias propias no relativo á promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre.

Visto o proxecto técnico “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín do Porto“, na que se inclúen varias acometidas de mellora na funcionalidade e condicións construtivas do pavillón polideportivo de San Martín do Porto.

No proxecto de obra figuran as condicións técnicas e requirimentos en relación a ditas actuacións.

Consta así mesmo no expediente Informe da arquitecta técnica municipal subscribindo que os bens nos que se proxectan as actuacións son de titularidade municipal, que o proxecto cumpre coa normativa en vigor, recollendo tódalas obras necesarias para a súa completa execución, así como que non se estima ningunha autorización administrativa.

3. Cualificación do contrato, valor estimado e xustificación do procedemento.

De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español diversas Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente contrato cualifícase como contrato de obras.

Visto as razóns de interese público e con obxecto de promover a concorrência, transparencia, eficiencia e adaptación á nova normativa en materia de contratación pública e non demorar a tramitación do procedemento de contratación das obras, é preciso iniciar o procedemento de contratación, dados os prazos de execución e xustificación recollidos na resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza.

Cómpre acudir á contratación externa, xa que o Concello non dispón de medios propios.

No cadro de persoal non hai ningún posto de traballo que poda realizar o obxecto do contrato, por ser funcións específicas, e non pode contratarse novo persoal pola limitación e especialidade da obra, que require diferentes oficios na súa execución, polo que se opta por contratar os servizos dunha empresa especializada no sector.

Así mesmo, non se dispón de medios materiais necesarios.

O prezo estimado do contrato axústase aos prezos xerais de mercado, de acordo co disposto nos artigos 100.2, 101 e 102.3 da LCSP.

A realización desta contratación é a forma máis idónea de satisfacer o interese público local.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Visto o orzamento do proxecto, cun valor estimado de 32.975,21 euros máis iva (21%), o que supón un orzamento total de 39.900,00 euros e, en virtude do establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considérase adecuado acudir ao procedemento aberto simplifícadísimo con varios criterios de adxudicación, de apreciación automática ou mediante fórmulas, e tramitación ordinaria.

En canto a duración do contrato e, ao abeiro do establecido no proxecto de obras considérase a seguinte duración na execución do contrato de obras: UN MES.

Non obstante, aos efectos de reducir os prazos de execución considérase oportuno establecer no prego de cláusulas administrativas particulares como criterio de adxudicación o da redución no prazo de execución da obra.

4. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As obras contemplan actuacións de mantemento e reparación dunha instalación deportiva de titularidade municipal, podendo preverse que a vida útil estimada das obras sexa superior a 5 anos.

Dada a tipoloxía da actuación no sen prevé xeración de ningún ingreso.

A execución das obras contempladas no proxecto non presupoñen, en ningún caso, aumento algún dos gastos, senón todo o contrario. Os custos anteriores son consecuencia da existencia dunha instalación deportiva de titularidade municipal e as obras contempladas reducen substancialmente os custos de mantemento.

Non se aprecia incidencia pola execución desta obra que ten a característica de inversión financeiramente sostible na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira por parte do Concello, xa que este ten capacidade de financiamento para chegar a partida económica que non é obxecto de financiamento por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Igualmente, faise constar que non se aprecian repercusións ou efectos económicos para o Concello durante a execución da obra, alo menos nos cinco anos seguintes ao seu remate.

Entre os criterios de adxudicación da obra terase en conta o incremento do prazo de garantía, para conseguir deste xeito unha maior seguridade e calidade nos traballos que se pretenden executar.

Á vista do anterior enténdese que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período de pago a provedores, non tendo consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros.

5. Xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

considérase xustificada a non división el lotes do obxecto de contrata pola dificultade da correcta execución do contrato desde o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen substantividade propia de maneira que non é posible a súa execución/utilización/aproveitamento de xeito separado.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non constitúen unha unidade funcional por si mesmas.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato incrementáanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.

6. Xustificación da non utilización de medios electrónicos.

Tendo en conta que conforme á Disposición Adicional 15ª.3 este Concello solicitou acceso á ferramenta electrónica que debe de por a disposición dos concellos a Subdirección Xeral de Coordinación da contratación electrónica do Ministerio de Facenda; día de hoxe non está en funcionamento na súa opción de licitación electrónica, debido á falta de medios informáticos e persoais adaptados á correspondente aplicación, polo que este Concello para o presente expediente de contratación non está obrigado a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas conforme ao establecido na letra a) da indicada DA 15ª.3.a).

Cabanas, 24 de agosto de 2018

O Alcalde,

Asdo: Germán Castrillón Permuy